
O CONCELLO DE PORTO DO SON ORGANIZA UN CURSO DE MOBILIZACIÓN E COIDADADO DE PERSOAS DEPENDENTES.

A acción formativa, de catro horas de duración, vai ter lugar o luns 3 de febreiro nas Aulas do Viveiro de Empresas.

O Concello de Porto do Son, en colaboración coa Escola Galega de Saúde para Cidadáns –dependente da Consellería de Sanidade- organiza unha acción formativa sobre Mobilización e Coidados de Persoas Dependentes (4h) que vai ter lugar o luns día 3 de febreiro en horario de 16.30h a 20.30h.

Esta acción formativa, de carácter gratuito, está dirixida a pacientes, familiares de pacientes, cuidadores e cidadanía en xeral.

PROGRAMA:

Hixiene postural:

Importancia da hixiene postural e repercusións dunha mala hixiene.

Principais medidas de hixiene postural, en posicións estáticas e situacións dinámicas.

Técnicas de mobilización:

Características básicas dunha boa técnica de mobilización.

Recomendacións á hora de aplicar unha técnica de mobilización.

Tipos de técnicas.

Axuda á deambulación.

Trasferencia sedestación-bipedestación e viceversa.

Trasferencia sillón-silla e viceversa.

Mobilización de encamados.

Xiros, izados e desprazamentos laterais na cama.

Sentarse no borde da cama.

Trasferencia cama (camilla) - silla (sillón) e viceversa.

Técnicas para izarse dende o chan.

Axudas técnicas á mobilización.

A sesión correrá a cargo de Dolores Otero Fernández, enfermeira da EOXI de Santiago. SERGAS.

Máis información e inscricións, do 20 ao 24 de xaneiro, no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar). As prazas, limitadas, asignaranse por orde de inscrición.

Porto do Son, 17 de xaneiro de 2020.